

## **Aprobación inicial dun expediente modificativo do Presuposto do IMCE de 2026 consistente nun suplemento de crédito**

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o 14 de maio de 2026, aprobou inicialmente un expediente modificativo do Presuposto do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) de concesión dun suplemento de crédito.

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do IMCE, na Avda. da Mariña 18, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>) durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Se finalizado o período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, segundo o establecido na aludida lexislación.

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 19 de maio de 2026

A Presidenta do IMCE, PD

Gonzalo Henrique Castro Prado  
PD Decreto 6873/2020, de 15 de outubro de 2020